

ACTA N° 22/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 11 DE MAIO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 11 de maio de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 21/09, do 04/05 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 29/09 – AQUALIA presenta proxecto de instalación de silo de fangos na EDAR de Moaña, sita no barrio do Latón – Meira, lindante coa zona marítimo terrestre da ría de Vigo, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 7 de maio de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: INSTALACIÓN DE SILO DE FANGOS NA E.D.A.R. DE MOAÑA
INFORME: **Procede licenza.**

A instalación posiciónase no Solo apto para a urbanización industrial da Canteira do Cocho A-10. O réxime de aplicación ós municipios con planeamento non adaptado, en función da Disposición transitoria primeira 1.d), da Lei 9/2002 reformada pola 15/2004 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable non-delimitado, solo que por determinación do artigo 21-4 da LOUGA en tanto non se aprobe o plan de sectorización, aplicaráselle o establecido para o solo rústico nesta lei.

A actividade e uso construtivo do apartado 2 do Artigo 33 da LOUGA, apartado f) como instalación sanitaria, non precisa autorización autonómica por non superar os 50 metros cadrados, cuestión que queda refrendada no Artigo 38.1 da mesma lei.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	752,31 €
Taxas licenza urbanística.....	67,17 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 88/09 – D. JOSE ANTONIO GONZÁLEZ CARBAJALES presenta estudo técnico para reparación de exteriores e interiores en edificación existente na Avda. da Xunqueira, núm. 57-baixo, Meira-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Francisco Mallo Lago, visado na data 24.04.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA REPARACIÓNS INTERIORES E EXTERIORES.

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	157,17 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.C) EXPTE. 84/09 – MARÍTIMO RODEIRA, S.L. presenta reformado do proxecto básico e execución para construción de vivenda unifamiliar, por caducidade do exp. 127/98, a situar no barrio de Piñeiro (parcela 4), de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. Manuel Lorenzo Lista, visado na data 09.03.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 8 de maio de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO EXPEDIENTE 127/98

INFORME: **Procede licenza.**

Refórmase as obras definidas no proxecto básico e de execución do expediente 127/98.
Resulta de aplicación a Disposición transitoria primeira do decreto 262/2007, do 20 de decembro polo que se aproban as Normas do Hábitat Galego.
Subróganse todas as condicións impostas ao expediente 127/98

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	1.305,73 €
Taxas licenza urbanística.....	163,22 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Sumidoiro.....	180,00 €

2.D) EXPTE. 38/09 – D. ENRIQUE RIVAS PASTORIZA presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar sita no barrio do Casal, núm. 26 – San Martiño, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Jose Buceta Amoedo, visado na data 05.03.2009.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 6 de maio de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE VIVENDA (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta informe da Deputación Provincial. A teor deste só se poderán obras de conservación e mantemento que non supoñan unha consolidación do edificio, reforma do mesmo nin ampliación do volume edificado.

A presente licenza outorgase o abeiro do disposto no Artigo 9 da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais, aplacado de fachadas, enfoscado e pintado de alero, carpintería de planta baixa, interiormente procederase o pintado de teitos e paredes, solados e alicatados; co mantemento do uso preexistente.

O expediente consta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	201,60 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.E) EXPTE. 27/09 – D. GUSTAVO RODRÍGUEZ DURÁN presenta proxecto básico e de execución de conservación e melloras estéticas nunha vivenda unifamiliar,

existente no barrio da Guía, 55 – Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado pola arquitecta D.^a María Teresa Fernández Iglesias, visado na data 16.04.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 6 de maio de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN E MELORAS ESTÉTICAS(OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de demolición escaleira exterior, columnas ornamentais, recercado de pedra en ventanas, faixas e esquinales e pintado de paramentos interiores e exteriores definidas en proxecto que substitúe o expediente R.E. 1548 de 24/02/2009.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outógase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na restauración parcial dunha obra fóra de ordenación na cal non está prevista a expropiación ou demolición nun espazo de quince anos, obras sen incremento do valor de expropiación nin máis consolidación que o reforzo parcial cando as obras non están afectadas por sistemas xerais, se posicionen en solos urbanos non consolidados ou urbanizables inmediatos. Co obrigado mantemento do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	366,80 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.F) EXPTE. 51/09 – D. JESÚS SALGUEIRO PAZ presenta proxecto de construción auxiliar para garaxe, no lugar de Bouza Murilla, nº 42, do barrio de Abelendo, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo Estudo de Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P, arquitecto técnico D. Cristóal Juncal Ríos, visado na data 17.03.09,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 8 de maio de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CONSTRUCCIÓN AUXILIAR USO GARAXE

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto de execución

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 25 de marzo do 2009 para solo urbano de Ordenanza 2.

Non require informes sectoriais

Cédese 6,50 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 100,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela según medición técnica será de 442,00 M/2..

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	692,58 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.- OBRAS MENORES

Visto o expediente instruído a instancia da interesada e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra menor, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 60/09 – D.^a MARÍA ELISA TESTA AREAN solicita realizar traballos de reforma, consistentes en repoñer alicatados na cociña e no baño e instalación da nova louza sanitaria, no piso da súa propiedade sito na rúa Ramón Cabanillas, núm. 183 – ático, do barrio da Praia, de conformidade coa solicitude presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 7 de maio de 2009 que literalmente di:

ASUNTO: OBRAS DE CONSERVACIÓN (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación consistentes na reposición de alicatados en cociña e baño e instalación de nova louza sanitaria da vivenda.

Non require informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	47,74 € (29,23 € + 18,51 €)
-----------------------------	-----------------------------

Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.- GASTOS DERIVADOS DO ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA

4.A) Vista a proposta da Alcaldía de data 11 de maio de 2009, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a Clube de Xubilados de de Meira.

Conforme coa cláusula décimo segunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo.

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de auga a seguinte factura:

AQUALIA, S.A. 13941009P0004361 17,39 euros.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga a favor de **HERMANOS PIDRE COBAS, C.B.** por importe de 17,39 euros, en concepto de gastos de consumo de auga con cargo á partida orzamentaria 3130 22611, correspondente ao período 1º trimestre de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 17,39 euros a **HERMANOS PIDRE COBAS, C.B.** en concepto de consumo de auga local clube xubilados de Meira, correspondente ao 1º trimestre de 2009, con cargo a partida 3130 22611 RC 754.

4.B) Vista a proposta da Alcaldía de data 11 de maio de 2009, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a Clube de Xubilados de Meira.

Conforme coa cláusula décimo segunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo.

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica, a seguinte factura:

Unión Fenosa Distribución, S.A. 2409042156992 131,02 euros.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga a favor de **HERMANOS PIDRE COBAS, C.B.** por importe de 131,02 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 3130 22100, correspondente ao período 23.03.09 a 23.04.09.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 131,02 euros a **HERMANOS PIDRE COBAS, C.B.** en concepto de consumo de enerxía eléctrica local clube xubilados de Meira, correspondente ao período 230309 a 230409, con cargo a partida 3130 22100 RC 755.

5.- GASTOS DERIVADOS ARRENDAMIENTO DO LOCAL DESTINADO A CENTRO CULTURAL O REAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 11 de maio de 2009, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado centro cultural.

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo.

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

Unión Fenosa Distribución, S.A. 2409042167562 15,83 euros.

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de SANTOME GESTIDO, Manuel, por importe de 15,83 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 4510 22100, correspondente ao período 24.03.09 a 24.04.09.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 15,83 euros a **SANTOME GESTIDO MANUEL**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 4510 22100 RC 756.

6.- RENOVACIÓN PRIMA DO SEGURO DA LUDOTECA

Visto que procede a renovación da prima do seguro concertado para a Ludoteca,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 537,34 euros a favor de AON GIL Y CARVAJAL, S.A. CORREDURÍA DE SEGUROS, SOC. UNIPERSONAL pola prima de seguro multirisco da ludoteca polo período 01042009 a 01052009, número de póliza 1281348, imputandoo á partida 3130-22402, RC nº 750.

7.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA	Aluguer de son actuación día das letras galegas	MIGUEL ÁNGEL CASTRO LÓPEZ	4510-22608 RC 751	1.044,00€
CULTURA	XXIV BANDEIRA DE MOAÑA DE TRAIÑERIÑAS	SOCIEDADE DEPORTIVA TIRÁN	4520 22608 RC 752	1.700,00 €
ALCALDÍA	Adquisición libros	EDITORIAL GALAXIA	1110 22601 RC 753	408,05 €
SERVICIOS	Materiais varios para distintos departamentos mes de abril	ALMACENES CANDUCHO, S.L.	5110 22109 RC 742	625,45 €
			4440 22109 RC 742	36,33 €
			4220 21200 RC 742	102,06 €
			4510 22109 RC 742	549,62 €
			4421 22109 RC 742	482,58 €
			4520 21200 RC 742	62,30 €
			4513 22109 RC 742	50,91 €
	1210 21200 RC 742	12,71 €		

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

8.- PROPOSTA DE GASTO: X ENCONTRO DAS AULAS DE XIMNASIA DAS PERSOAS MAIORES (2009)

Visto o informe da animadora sociocultural do 8 de maio de 2009 que textualmente di:

ASUNTO: X ENCONTRO DAS AULAS DE XIMNASIA DAS PERSOAS MAIORES (2009).

O vindeiro martes 16 de xuño, os/as alumnos/as das aulas de ximnasia das persoas maiores, como outros anos, organizan en contacto con Servizos Sociais o X encontro das 14 aulas de ximnasia existentes no municipio na actualidade.

O obxectivo deste encontro é que os/as alumnos/as pasen un día de convivencia e intercambio de opinións, xa que durante o curso non manteñen contacto entre eles por estar en distintas aulas.

A actividade a realizar neste encontro é unha **excursión ás Termas de outariz (en Ourense)**.

Os alumnos/as faranse cargo do xantar e da entrada ás termas por un total de 17 €.

O Concello farase cargo do desprazamento dos participantes, que aprox. Serán sobre 200 persoas.

O presuposto total desta actividade ascende á contía de 1.284 € polos catro autobuses de Benito García para o desprazamento das persoas a Ourense, a imputar á partida presupostaria de servizos sociais “prevención da dependencia”.

O prazo para anotarse será do 13 ao 26 de maio.

PROPOSTA:

- 1.- Aprobar o X Encontro das aulas de ximnasia das persoas maiores a Outariz (Ourense).
- 2.- Aprobar o presuposto de 1.284 €.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Visto o orzamento presentado de Autocares Benito García por importe de 300 € + IVE,

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para este gasto se efectúa na 3130 22617,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a realización da actividade proposta do *X Encontro das aulas de ximnasia das persoas maiores 2009*.

PR

Segundo: Aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto polo servizo de 4 autocares para o desenvolvemento do X Encontro das aulas de ximnasia, imputandoo á partida 3130 22617 RC 2009-749.

9.- CURSO MÚSICA VOCAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA (QUENDA 2°): PREINSCRIPCIÓN E PAGAMENTO.

Vista a proposta do Director da Escola de Música de Moaña, do 11 de maio de 2009, que di:

1° - CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DO IMPORTE DA INSCRIPCIÓN NOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA (TURNO 2°):

-Prazo: Mércores 13 de Maio a Mércores 27 de Maio de 2009.

- Horario: 09:00h-13:45h
-Lugar: Oficinas de Caixanova

-Procedemento:

Os interesados deberán efectuar o pago correspondente en calquera oficina de Caixanova no número de conta do Concello dentro dos prazos establecidos, indicando o nome do Alumno e como concepto: **“ Curso Música Vocal”**

Os prezos serán os estipulados no “II Convenio sobre o Plan de Actividades Complementarias” asinado entre a Banda de Música Popular “Airiños do Morrazo” e o propio Concello.

Unha vez efectuado o ingreso deberá entregar o xustificante de pago nas dependencias da Escola.

A continuación, e como anexo, se establece o listado de preinscritos con dereito á inscrición.

ANEXO: Ó TEXTO sobre os PAGAMENTO DOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA do 11 de Maio de 2009.

OBRADOIRO	Nome do/a Alumno/a	Importe
CURSO MÚSICA VOCAL	ARRANZ REDONDO, ÁNGELES	15€
CURSO MÚSICA VOCAL	CANOSA OTERO, MARÍA	15€
CURSO MÚSICA VOCAL	FRIJO LÓPEZ, ARACELI	15€
CURSO MÚSICA VOCAL	GARCÍA CORRAL, ESTHER	15€
CURSO MÚSICA VOCAL	GARCÍA PONS, CARMEN	15€
CURSO MÚSICA VOCAL	GARRIDO DEL RÍO, AMANCIA	15€
CURSO MÚSICA VOCAL	GUERRA FERREIRA, MARÍA TERESA	15€
CURSO MÚSICA VOCAL	IGLESIAS RORIS, OLGA	15€
CURSO MÚSICA VOCAL	MORENO SANDE, MERCEDES	15€
CURSO MÚSICA VOCAL	MUÑÍZ APARICIO, FRANCISCO JAVIER	15€
CURSO MÚSICA VOCAL	POZA RODRÍGUEZ, MANUEL	15€

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a relación de persoas preinscritas ao curso e dispoñer que se proceda ao pagamento no prazo, horario e lugar indicados na proposta do Director da Escola de Música.

10.- CERTIFICACIÓNS PARCIAIS Nº 2 E 3 DA OBRA “MELLORA DE ACCESOS Á ZONA INDUSTRIAL DO COCHO”.

Dáse conta das certificacións parciais nº 2 e 3 da obra “MELLORA DE ACCESOS Á ZONA INDUSTRIAL DO COCHO”, presentadas pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes,

Visto o informe da Intervención municipal emitido o 6 de maio de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación parcial da obra “Mellora de accesos á obra industrial do Cocho” nº 2, de data 31 de marzo de 2009, polo importe de 54.876,49 € e a certificación nº 3 parcial, de data 30 de abril de 2009, polo importe de 51.852,39 €.

Segundo: Aprobar a factura nº 29/09, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de data 31 de marzo de 2009, polo importe de 54.876,49 euros, e a factura nº 60/09 de 30 de abril de 2009, polo importe de 51.852,39 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61115.

Terceiro: Remitirlle o acordo á Consellería de Economía e Industria para a provisión de fondos.

11.- CERTIFICACIÓN PARCIAL Nº 1 DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO MUNICIPAL DO ROSAL ÁS ABILLEIRAS”.

Dáse conta da certificacións parcial nº 1 da obra “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO MUNICIPAL DO ROSAL ÁS ABILLEIRAS”, presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes, e que corresponde ao perido entre o 07/01/09 e 30/01/09.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 11 de maio de 2009, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo: Aprobar a certificación ordinaria nº 1 da obra “Pavimentación do Camiño Municipal do Rosal ás Abilleiras”, de data 30 de xaneiro de 2009, polo importe de 17.522,79 €.

Terceiro: Aprobar a factura nº 09/003, de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. polo importe de 17.522,79 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.60111.

Cuarto: Remitirlle o acordo á Deputación de Pontevedra para a provisión de fondos.

12.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da tesoureira municipal do 11 de maio de 2009 emitido polas declaracións de ingresos brutos presentadas polas empresas subministradoras Cableuropa, S.A.U, Iberdrola SA. e Endesa Energia S.A.U. para operar a liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal correspondente ao primeiro trimestre do ano 2009, e que se recollen na seguinte táboa:

ENDESA ENERGÍA S.A.U.,CIF A81948077(LIÑA DE NEGOCIO ELECTRICIDAD)

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE * 0,015
XANEIRO	1.602,79	24,04
FEBREIRO	2.719,51	40,79
MARZO	2.422,83	36,34
TOTAL	6.745,13	101,17

ENDESA ENERGÍA S.A.U.,CIF A81948077(LIÑA DE NEGOCIO GAS BAIXA PRESIÓN)

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE * 0,015
XANEIRO	4.746,28	71,19
FEBREIRO	-19,28	-0,29
MARZO	4.422,14	66,33
TOTAL	9.149,14	137,23

IBERDROLA S.A (CIF A48010615)

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
--	---------------------	-----------------------------------

TOTAL 1ºTRIMESTRE	138.585,41	2.078,78
CABLEUROPA S.A.U (CIF A62186556)		
	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros)
		BASE*0,015
TOTAL 1ºTRIMESTRE	866.09	12.99

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local do primeiro trimestre de 2009 das seguintes empresas:

- ENDESA ENERGÍA S.A.U., (Liña de negocio electricidade): 101,17 €
- ENDESA ENERGÍA S.A.U., (Liña de negocio gas baixa presión): 137,23 €
- IBERDROLA S.A: 2.078,78 €
- CABLEUROPA S.A.U: 12.99 €

13.- PAGAMENTO DE SANCIÓN IMPOSTA POLA DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS.

En data 08.10.07 o Servizo de Vixilancia adscrito ao Servizo Provincial de Estradas de Pontevedra formulou denuncia fronte este Concello pola instalación de báculos de iluminación pública na gabea da estrada; o día 10.10.07 iniciouse expediente sancionador, posteriormente emprazou ao Concello para trámite de audiencia e este formulou alegacións o día 07.01.08. O órgano instrutor, o 29.01.08, formulou proposta de resolución e o día 8 de abril de 2008 recíbese a notificación da resolución do expediente pola que, entre outros puntos, impoñíase ao Concello unha sanción de quince mil euros.

O día 4 de maio de 2009 recíbese no Concello o documento de pago para que se proceda ao pagamento da sanción en periodo voluntario.

Visto o informe da Intervención de data 11 de maio de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se proceda ao pagamento da sanción, e recoñecer así a obriga de 15.000,00 euros, imputandoa á partida 5110 22610 RC 757.

14.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DA LUDOTECA

14. A) Visto o informe do 4 de maio de 2009 da coordinadora da Ludoteca en relación á solicitude de cambio de tarifa feita pola nai dun socio deste servizo para o que presenta a documentación pertinente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda modificar a tarifa anterior do socio nº 36 pola nova do art. 4 epgr. 3º b:

Socio	Arón Martínez Gayo	Art. 4 Epgr. 3º b
36	Gloria Gayo Ríos (nai)	78.739.355M

14. B) Vistos os informes do 4 de maio de 2009 da coordinadora da Ludoteca en relación á que o socio nº 47 cumpriu trece anos e a ludoteca é para nenos/as de 4 a 12 anos e que cómpre darlle de baixa; e que o socio 46 é irmán seu e cando se dea de baixa ao nº 47 débesele cambiar a tarifa asignada,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de baixa ao socio nº 47, Raúl Cancelas Fandiño, dos servizos da Ludoteca municipal por superar a idade á que vai destinada.

Segundo: Modificarlle a tarifa asignada ao socio nº 46, Javier Cancelas Fandiño, para que a partir da baixa do irmán se lle aplique a tarifa normal: Art. 4. Epgr. 1º.

15.- SOLICITUDES DE BAIXA NO CURSO DE PINTURA

15.A) D.ª María Currás Núñez solicita, por instancia de entrada no Concello o día 6 de maio de 2009, a baixa da actividade do curso de pintura (dos sábados) de Mar Domínguez Currás.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa do curso de pintura a Mar Domínguez Currás e que se notifique á Recadación municipal.

15.B) D.ª Celeste Currás Núñez solicita, por instancia de entrada no Concello o día 6 de maio de 2009, a baixa da actividade do curso de pintura (dos sábados) de Manuel Escudeiro Currás.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa do curso de pintura a Manuel Escudeiro Currás e que notifique á Recadación municipal.

16.- AMPLIACIÓN DE ACORDO SOBRE FURANCHOS

O concelleiro de Turismo, na súa proposta do 8 de maio de 2009, propón ampliar o acordo tomado na Xunta do Goberno Local do 30 de marzo de 2009, -polo que se autorizaba a instalación do senllos furanchos solicitados respectivamente por a D. José

Luis Couso Gallego e D.^a Modesta Alonso Martínez, co cumprimento do establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Medio Rural- debido a que dende a Delegación da Xunta se puxeron en contacto co Concello para que se concretase o período de apertura dos furanchos autorizados. Por iso, propón que dito período sexa:

- A D. José Luis Couso Gallego: dous meses a partir da data da aprobación do acordo na Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2009, xa que non consta data de inicio na súa solicitude.
- A D.^a Modesta Alonso Martínez: dous meses a partir do 16 de abril de 2009, data que consta na súa solicitude.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta do Concelleiro de Turismo nos seus xustos termos.

17.- FURANCHOS

D.^a MARÍA PASTORIZA PORTELA solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño na segunda quincena de maio, en Abelendo 200. Presenta declaración de produción da campaña 2008-09 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado no citado periodo, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

18.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA DE MONTAXES ANTEPAZO, S.L. POLA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE *REFORMA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA PRAZA DE ABASTOS*

Por escrito do 20 de abril de 2009, solicítase a devolución do aval depositado por Montaxes Antepazo, S.L. pola execución da obra “Reforma da instalación eléctrica da Praza de Abastos”, unha vez rematado o prazo de garantía.

Visto o informe da tesoureira do 11 de maio de 2009, no que indica que comprobado o depósito do aval correspondente na Tesourería municipal (núm. de documento 2008-12-0) e dado o contido do informe favorable do arquitecto técnico, informa favorablemente a devolución da fianza definitiva correspondente ás obras de reforma da instalación eléctrica da praza de abastos, por importe de 1.674,84 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da fianza de 1.674,84 euros a favor de MONTAXES ANTEPAZO, S.L.

19.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA 2º MODIFICADO DE PROXECTO DE CAMPO DE FÚTBOL NO CASAL (SAN MARTIÑO)

Remitido a instancias do Concello 2º Modificado de Proxecto de campo de fútbol no Casal (San Martiño) redactado polo Enxeñeiro de Camiños, D. Alberto Moreno García, e que ten por obxecto a substitución da grada orixinal prevista en madeira laminada pasando a a proxectarse en perfíles metálicos, pasando o importe previsto para a construción da cuberta dos 81.034,00 inicialmente previstos de execución material a 70.576,05 euros, e a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “2º modificado de Proxecto de campo de fútbol no Casal (San Martiño)” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, D. Alberto Moreno García e que conta cun importe de execución por contrata de NOVENTA E SETE MIL CATROCIENTOS VINTETRÉS EUROS E DEZAOITO CÉNTIMOS (97.423,18 euros). (83.985,50 + 13.437,68 euros de IVE).

20.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE DOUS CAMPOS DE FÚTBOL-7 DE HERBA ARTIFICIAL NA XUNQUEIRA (MOAÑA)”

En data 20 de abril de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Construción de dous campos de fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)” á empresa ELITE SPORT S.L., polo prezo de TRESCIENTOS CORENTA E TRES MIL CENTO CORENTA E SETE EUROS E NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (343.147,94 euros). (295.817,19 euros + 47.330,75 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 51.876,74 euros (orzamento execución material), adscripción de traballadores á obra: 16 traballadores, contratación de novo persoal: 7 traballadores, con contratos de sete meses de duración e un prazo de garantía de 8 anos.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de 5 días seguintes á notificación, presentase documento que acreditase ter constituído a garantía definitiva por importe de 14.790,86 euros e no prazo de 5 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi remitido ao adxudicatario en data 22 de abril de 2009.

En data de 20 de abril de 2009, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 21.551,64 euros, como acredita mediante carta de pago nº 184 de 20 de abril de 2009. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e Seguridade Social, recibo de pago do IAE e contratos de traballo dos traballadores de nova contratación.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Construción de dous campos de fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)” á empresa ELITE SPORT S.L., polo prezo de TRESCENTOS CORENTA E TRES MIL CENTO CORENTA E SETE EUROS E NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (343.147,94 euros). (295.817,19 euros + 47.330,75 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 51.876,74 euros (orçamento execución material), adscripción de traballadores á obra: 16 traballadores, contratación de novo persoal: 7 traballadores, con contratos de sete meses de duración e un prazo de garantía de 8 anos.

SEGUNDO.- Requiritr do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto, previo pago de gastos de anuncios e aportación da documentación acreditativa de adscripción de medios comprometidos á execución do contrato.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao polo Arquitecto redactor do proxecto D. José Luís Domínguez González. CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.

21.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O PORTAL DO ALMACÉN E BROULLÓN (MOAÑA)”

En data 20 de abril de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Instalación de alumeado público entre o Portal do Almacén e Broullón (Moaña)” á empresa RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL, polo prezo de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE), melloras valoradas segundo a cláusula 13 dos pregos.- 25.000 euros, contratación de novo persoal: 4 traballadores (Dous Oficiais e dous peóns), (Contratos de 3 meses de duración) e un prazo garantía de 12 meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de 5 días seguintes á notificación, presentase documento que acreditase ter constituído a garantía definitiva por importe de 4.310,35 euros e no prazo de 5 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 21 de abril de 2009.

En data de 28 de abril de 2009, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 4.310,35 euros, como acredita mediante carta de pago nº 267 de 28 de abril de 2009. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e Seguridade Social, e contratos de traballo dos traballadores de nova contratación.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adjudicar definitivamente o contrato de obra “Instalación de alumado público entre o Portal do Almacén e Broullón (Moaña)” á empresa RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL, polo prezo de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE), melloras valoradas segundo a cláusula 13 dos pregos.- 25.000 euros, contratación de novo persoal: 4 traballadores (Dous Oficiais e dous peóns), (Contratos de 3 meses de duración) e un prazo garantía de 12 meses.

SEGUNDO.- Requirit do adjudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adjudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto, previo pago de gastos de anuncios e aportación da documentación acreditativa de adscrición de medios comprometidos á execución do contrato.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.

22.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
GUMERSINDA SOLLA GONZÁLEZ	Saneamento, usos domésticos.	Palmás, 76 – Domaio	Conexión saneamento180 €	Aqualia Aparellador mun.
MANUEL RODRÍGUEZ VIDAL	Saneamento, usos domésticos.	Verdeal, 25	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Aparellador mun.
MARÍA CARMEN PIÑEIRO GONZÁLEZ	Saneamento, uso doméstico	Costa, 3 A (Domaio)	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Aparellador mun.
JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RÍOS	Saneamento, uso doméstico	Calvar, 101 – Domaio	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Aparellador mun.
MARCELO TOURAL MARTÍNEZ	Saneamento, uso doméstico	Verdeal, 26 C - Domaio	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Aparellador mun.
MARÍA PILAR SÁNCHEZ JUNCAL	Auga, usos domésticos	As Barxas, 11 – 3º B	Conexión auga 60 € Fianza 20 €	Aqualia
SALVADOR MAGALLANES CASTRO	Saneamento, uso doméstico	Calvar, 124 A	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Aparellador mun.
MARÍA MELANIA ABAL FERRADAS	Saneamento, uso doméstico	O Viso, 100 – Calvar	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Aparellador mun.
ROBERTO CARLOS PIÑEIRO FERREIRA	Saneamento, uso doméstico	Broullón, 4 B	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Aparellador mun.
MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ GONZÁLEZ	Saneamento, uso doméstico	Costa, 52 – Domaio	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Aparellador mun.
SONIA DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ	Auga, usos domésticos	Bernardiño Graña, edf. Poza da Moura, 23 – 2. 2º F	Conexión auga 60 € Fianza 20 €	Aqualia
MARÍA LUISA VERDEAL GONZÁLEZ	Saneamento, uso doméstico	Palmás, 81 B – 1º D (edf. Solla)	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Aparellador mun.

MARÍA ALONSO	CURRO	Saneamento, doméstico	uso	Palmás, 209 - Domaio	Conexión saneamento...180 €	Aqualia Aparellador mun.
-----------------	-------	--------------------------	-----	----------------------	-----------------------------	-----------------------------

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:20 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.